

Maxia no fondo da ría

Colectivo 5º B
CEIP Campolongo. Pontevedra
Xaneiro 2005

MAXIA NO
FONDO DA
RÍA



Maxia no fondo da ría

Daban voltas na cama e enrugaban as sabas a cada movemento. Non podían durmir, nin sequera cerrar os ollos.

O día seguinte, venres, era moi especial, porque desde o colexio ían de excursión pola ría de Pontevedra nun catamarán de fondo transparente.

Sáímos dende o cole até a Moureira polo fondo da Alameda. O olor a céspede recién cortado dos xardíns perfumaba unha mañá radiante de finais de primavera.

Emocionados e inquedos, fomos saltando ao catamarán no antigo peirao pontevedrés. As profes e o patrón axudábanos a brincar dentro con seguridade.

O grumete soltou amarras e as casas do fondo da Moureira ían encollendo. Un coro de gaiotas desafinadas acompañábanos polo medio da ría.

O mar estaba azul, cheo de peixes, mariscos e algas. Un contradictorio olor a maruxía e celulosa confundía as nosas pituitarias.

A xente que a esta ría chega queda enganchada na súa beleza e nas súas historias de afogados e naufraxios.

*Galicia cheira a sal,
ten ollos de mascato
e mans de peixe.*

*De babor a estribor,
de popa a proa,*

o país está cruzado polo mar.



*Galicia está a cabalo sempre das mesmas ondas,
que son distintas a cada ollo e a cada instante.*

Disputabamos a empurróns un posto de observación tras os vidros do fondo do catamarán.


–Mira, Paula, aquel animal está mirando fixamente para min.

–Non me digas, Elixio, non me fagas rir, contestou a súa amiga.

CLAUDIA



CLAUDIA



—Que si, que si. Eu flipo pero ese bicho feo, cabezón e de 10 patas, quere dicirme algo. Ese bicho creo que é un calamar. E de forma misteriosa, Elixio comezou a entender as mensaxes do cefalópodo:

—Son don Calamar, mestre de escola no fondo do mar. Cando quero poñer orde no meu territorio, repito nos días de inverno e de resaca: “Cala, mar; cala, mar; cala, mar”.

E agora todos os alumnos, os peixes, chámanme don Calamar. Os máis revoltosos chámanme don Lura, pois dificilmente me aturan. Coa miña tinta, todas as mañás, cargamos os bolis para escribir con letra feitiña:

Mar azul

mar azul e verde.

Mar azul, verde e gris.

Mar azul, verde, gris e negro.

E mentres Elixio pasaba dos compañeiros, obsesionado coa comunicación secreta, Paula viu no fondo dunha rocha unha estrela colorada, que se movía nerviosa para chamar a atención desta alumna. Fixouse máis e, sen saber como, entendeu o que lle dicía aquel ser de cinco brazos:

—Eu son dona Estrela, estrela de mar. Teño cinco brazos, boca grande, e todos me chaman dona Estrelamar.

Considérome a estrela da escola, tamén no fondo da ría, ao abrigo da illa de Tambo, que nos protexe do vento mareiro.

Guío aos Reis Magos, que chegan montados en lindos golfiños, traendo agasallos aos fillos de Neptuno e das sereas todas, que cantan nas praias e rochas para orientalos.

Van na comitiva peixiños de cores, cabalos de mar e tamén santiaguíños.

Don Calamar, pola súa banda, seguía explicándolle a Elixio:

—A nosa escola é unha escola moi especial: por alumnos, peixes frescos e mariscos colorados, que se deixan levar polas arroladoras ondas da ría, e se deixan acariciar polas salgadas brisas do mar de Ons.

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non veñas a Pontevedra,
que non ten porto de mar.*

—A nosa escola, segue dona Estrelamar, é unha escola tan especial, que ás veces quedamos todos durmidos, lembrando o vaivén do berce e as dóces nanas de mamá.

—Os nosos alumnos, di don Calamar, son todos moi aplicados: Xurelo, Sardiña, Ollomol, Robaliza e Salmón pasan o día nadando, nadando e coidando da ría e tamén do Lérez, por se hai contaminación.

No fondo da ría hai tamén escola infantil, con peixiños brillantes e raias no mandil. Libretiñas verdes de follas molladas, ollos vivarachos e moitas risadas.

Os peixes protestan por se levantar.

—Se chegades tarde, vanvos castigar.

Chaman por don Chapa, que sabe nadar; tamén mergullarse debaixo da area para camuflarse.

*—Don Chapa, Chapa, Chapa, negro coma un pote.
Vaite de aí, non nos luxes a casa,
aquí vivimos decote.*

Don Cala e dona Estrela teñen tamén unha escola de oficios:

Toca puntual a caracola a entrada e saída da escola.

O peixe eléctrico ilumina a aula.

Co peixe espada rompen as armas e non enredan con esas parvadas.

No taller do peixe serra constrúen bandeiras brancas e carteis de *Non á guerra*.

Cos peixes voadores aprenden a sobrevivir nas condicións peores, por se a auga se ensucia e teñen que respirar, no Gafos e no Lérez, con pulmóns de roedores.

No obradoiro do peixe sapo, traballan con gana e aprenden a camuflarse dos mariñeiros furtivos e do pescador de cana.

Co mestre don Calamar tinguen a tinta de cores variadas para distinguirse de areas e rochas moi emporcalladas.

Na clase de música, ás doce do día de todas as mañás, baten as aletas e tocan con cunhas o chas-ca-rras-chás,
Do obradoiro de chistes encárgase o mexillón, que, cando non está serio, é molusco moi guasón.
No obradoiro do porvir pregúntanlles que serán, e nunca poden mentir.

¿Que queres ser de maior?

A xouba será sardiña, e o corbelo, abadexo.

A carioca ha ser pescada, os meixóns serán anguías.

O despistado berberecho contesta moi convencido que, de maior, quere ter pelo pincho e pelo crecho.

Teñen reducido o patio de recreo. A zona de Lourizán está sempre prohibida para todos.

Os muxes, moi guarros eles, escapan aos residuos fecais.

Os peixes máis pequeniños soñan con xogar no parque e montar nos cabaliños para cabalgar os mares e pescar monstros mariños.

Os cangarexos ermitáns son tan aburridos eles, que non xogan con ninguén nin comparten o osíxeno, que precisan coma o pan.

No tempo de vacacións tamén saen de excursión. Van ás rías de Vigo, Noia-Muros e Arousa desde a de Pontevedra. Rías Baixas todas elas.

Se nadan xa varios días, visitan as Rías Medias:

Corcubión, Camariñas, A Coruña, Corme-Laxe, Ares-Betanzos, Ferrol, Cedeira, rías de moi forte ondaxe.

A final de curso visitan as Rías Altas: O Barqueiro, Ortigueira, Foz, Viveiro e Ribadeo.

Regresan de noite nun submarino lixeiro, cantando estas coplas:

Neutros tempos o mar non era o que é hoxe.

Queremos que o mar meza a luz laranxa do Sol

nas súas augas ao solpor, revoltas en fábulas e aventuras.

O mar machaca, pero tamén purifica.

É a porta da nosa esperanza.

Os profes avisan que non se somerxan no fondo da ría, pois alí hai monstros que mesmo arrepián. Tamén lles avisan que non viaxen ao fondo do mar, pois alí hai perigos que poden matar. E

CLAUDIA



Albato

peixe matado é peixe pescado, atrapado nas redes do home malvado, que todo o pesca, que todo o caza, por creerse el o rei de todo o creado.

E cando rematan a tinta do boli, nadan ⁿlixeños cara a Redondela, para pedirilles aos chocos tinta e punzón. Despois escriben con Mendiño:

*Estaba eu na ermida de San Simón
e cercáronme as ondas, que grandes son.*

O Sol coloreaba o mar da Lanzada, as gaivotas sobrevoaban as praias da ría e nós, felices pero esgotados, regresabamos comendo o derradeiro bocadillo da mochila e despedíámonos silenciosamente de mestres e alumnos tan singulares do fondo da ría. As gaivotas seguían desafinando histéricas.

Atracamos na Moureira e desde o barco xa viamos as caras impacientes de mamá, de papá ou dos avós, que nos esperaban coma se fóssemos náufragos dunha desgraciada viaxe pola ría.

Aritz e Marta seguen o camiño do colexio, mentres Beatriz e Henrique van directamente para a casa. Manuel e Alberte esperan o coche de David.

Cea rápida, ducha apresurada e volta á cama, pero esta vez para durmir sen desfacer a cama até as doce do sábado seguinte.

—Claudia, avisa a teu irmán e vinde para xantar.

—¿E puxeches calamares fritos, mamá?, dixo Elixio.

—Puxen, ¿Por que?, pregunta a nai.

Elixio calou como gardando un segredo inconfesable.

—A comida está na mesa, Paula.

—Xa vou, mamá. ¿Non poñerías peixe?

—Si, uns xurelos ao forno riquísimos, xa verás.

E Paula baixou a cabeza, puxo cara de pena e buscou mil escusas para non comer.

Os mesmos apuros pasaba Elixio na cociña da súa casa.

Días despois volveu haber peixe de comida, ollomol na casa de Elixio e chocos na de Paula. Repetíronse case exactamente os mesmos diálogos do sábado. Os nenos negábanse a probar agora peixe e antes da excursión comíano con gula.

ELIXIO



Alberto

DOMA
ESTRELLA
E DOM
CALAMAR



CLAUDIA

Silvia, a nai de Elixio, chamou por teléfono ás nais de varios compañeiros do seu fillo. Estas nada lle descubren, porque todos eles comen peixe coma sempre, con máis ou menos tímidas protestas.

Daniel, o pai de Elixio, preguntou na entrada do cole a varias nais dos compañeiros do seu fillo e todos se comportan con normalidade nas comidas.

Atópanse na escola Elixio e Paula e nun aparte do recreo pregúntanse como levan o segredo. Un e outra xa case non soportan a presión dos pais, que son uns pesados á hora de comer. Ningún dos compañeiros de excursión sabía nada tampouco, porque foi unha comunicación secreta e misteriosa.

Pasan unhas semanas, acaba o curso e Elixio empezou a ir á praia. Cando se somerxía, viu escrito na auga fugazmente o seu nome de pía. Quedou impresionado e preocupado.

—Mira, Paula, ¿cóntoche un segredo? ¿Prometes non llo decir a ninguén?, preguntou Elixio.

—Prometo, ho, xa sabes que son unha tumba, respondeu Paula.

—A min pareceume ver o outro día na praia de Areas escrito o meu nome con tinta de calamar. ¿Estarei toleando?

—Quizais non. ¿Non terá algo que ver coa excursión de final de curso e co noso pauto secreto cos peixes?

—Non o pensara, pero agora que o dis...

—Vouche contar algo tamén moi estraño, continuou Paula xa confiada. O outro día na praia de Chancelas vin escrito na area, con raias moi suaves este nome: ALUAP. Non lle dei importancia, pero achegueime ás rochas e vin nun recanto de area un cangarexo camiñando cara atrás ao tempo que escribía letras. Púxenme nerviosa, mirei arredor e vin unha fermosa estrelamar contraéndose violentamente, como chamando a miña atención. ¿Son posibles tantas casualidades en tan pouco tempo?


—Non sei que che diga, Paula, pero isto vains traer problemas.

—Pois o que temos que facer é pechar o bico e non levantar sospeitas de que somos uns bichos raros que se entenden con bichos aínda máis raros.


—¿E cando poñan peixe na mesa, que facemos?

—Resistiremos.

—¿Que vai pasar?



ALUAP



Paula

—Non o quero nin pensar.

Unha tarde agosto, Paula e Elixio acordaron convencer aos pais para ir á mesma praia. Tópanse en Areas como por casualidade. Estaban nadando moi cerca da area e a xente empezou a levantarse, a desenfundar as cámaras e a correr ao coche para coller os prismáticos. Moi cerca de Elixio e Paula nadaban en círculo seis golfinhos. Mentres desde a area pedían auxilio e chamaban a Protección Civil, os rapaces estaban moi tranquilos, sorprendidos polos saltos dos golfinhos sobre a auga azul e transparente. Despois de catro ou cinco brincos, os protagonistas da aventura percibiron no cerebro unhas mensaxes que non sabían explicar:

—Sabemos de boa tinta de Calamar que non comedes peixe nin marisco. Pero... ¿por que comedes carne de mamíferos, se somos case da familia?

Paula e Elixio non souberon contestar.

E mentres os bañistas tentaban rescatar os rapaces dun perigo imaginario, os golfinhos despedíronse cun enorme salto e desapareceron baixo as augas, camiño da boca da ría, en dirección a Portonovo.

A aparición dos golfinhos en Areas saíu en todos os xornais coas iniciais dos protagonistas, E.F.P e P.C.R. Alex, corresponsal de *Esperpento*, negociaba cos pais dos rapaces para entrevistar a Paula e a Elixio, que estaban cada vez máis asustados; temían meter a pata e descubrir, sen querer, o segredo que os desacougaba. Raquel, parapsicóloga, defendeu nun periódico local fenómenos paranormais de comunicación telepática entre seres de distinta especie, incluídos os humanos. Falaba da gran sensibilidade dos golfinhos para o pracer e a dor, cando se relacionaban cos humanos.

A televisión local organizou un debate para falar das comunicacións posibles entre os animais, incluídos os humanos, e destes con extraterrestres.

Pero aos protagonistas pouco lles interesaban estes temas, senón a decisión que tiñan que tomar: ¿Deberían facerse vexetarianos?

Seguiron nadando en Areas e, cando os pais, alporizados, os chamaron, foron chupados por un remuíño violento de auga, que os levou ao fondo e despertaron en camas de rocha e sabas de



Olivia

algas. Levantáronse desorientados, miraron ao exterior por uns ollos de boi e viron unha cidade asolagada, submarina. Observaron arredor e decatáronse de que durmiran nun hotel de cinco cunchas. Almorzaron galletas de algas verdes con marmelada de algas pardas, leite de balea e ovas de cigala.

—¡Non podo aguantar máis! Temos que compartir con alguén este segredo, dixo Paula.

—Si. E agora co dos golfiños e a prensa..., comentou Elixio. Tería que ser alguén que non se chive nin nos tome a broma.

—¿Poderían ser Berto e Dani?, preguntou Paula. Pasan a vida na biblioteca, teñen pel de folla de libro e, ademais, son bos amigos e moi reservados. Nos libros poden atopar respostas sen sospeitas.

—Por min, vale.

Outro día Elixio, co pretexto de visitar a súa avoa, foi a Portonovo coa intención de preguntar se viran por alí os arroaces ou golfiños. Un vello mariñeiro contoulle que os vira por Canelas e que despois nadaran cara á illa de San Simón, a onde vai pescar choco algunhas veces.

—¿Podo ir con vostede no seu barco?

—Non, non pode ser, son moitas horas de viaxe e preocuparíanse por ti, contestou o señor Miguel, o mariñeiro.

Outro día Elixio e Paula foron á praia de Cesantes. Con marea baixa, achegáronse a San Simón para preguntar polos golfiños a Santi, o gardaíllas.

—Se queredes velos, teredes que navegar até Rande. Alí adoitan vixiar o valioso cargamento de prata e ouro dos galeóns afundidos en 1702.


—¿É o tesouro lembrado por Xulio Verne en *Vinte mil leguas de viaxe submarina*?, preguntou Paula.

—Si, o mesmo; e aquí enviou ao capitán Nemo no *Nautilus* en busca do tesouro.

—¿E por que están aí, precisamente, os golfiños?

—Para distraer aos mergulladores avaros que tenten dar con el. Agora consideran que xa pertence ao mar e aos seres que o habitan.

Os rapaces navegaron nunha cuncha xigante de vieira até as bases da ponte. Os golfiños non tardaron en aparecer con brincos de até seis metros sobre as augas, nadando en círculo como en Areas.



—¿Que facedes por aquí, humanos amigos, invadindo o noso territorio?

Elixio respondeu nervioso e algo acovardado:

—Queremos responder á pregunta que nos fixestes en Areas. A vós non vos comeremos porque, como vivides no mar, parecédesnos peixes, e quedades incluídos no pauto secreto que selamos.

—Entón, non comades tampouco mamíferos terrestres e seremos amigos de verdade. ¿Queredes volver ao canibalismo?

De regreso á casa, Paula e Elixio decidiron facerse vexetarianos.

—A partir de agora debemos comer só coles de Bruxelas, olivas, espinacas e leitugas. ¿Seremos capaces de resistir tanta porquería?

Son as oito da mañá. Os bocadillos xa están feitos, os refrescos na mochila. O chocolate que non falte. Hai que espertalos.

—¡Paula, cariño, levántate! ¿Non sabes que hoxe ides de excursión pola ría?

—¡Eh, Elixio, fillo, xa é tarde. Non vaias perder o catamarán!

Os compañeiros de 5º B ían contando, camiño da Moureira, o mal que durmiran. Elixio e Paula contaron os seus soños; máis que soños, pesadelos.

—¿Sería verdade o que soñamos?

Saltaron ao catamarán moi receosos, por se os soños se cumprían.

Elixio estreara aquela noite sabas azuis.


A nai de Paula puxera sabas verdes.

Soños azuis de mar, azul do ceo. Soños de algas verdes. Os mares do futuro e as plantas da esperanza...

—¿Oes, mamá? ¡Non me volvas poñer estas sabas verdes!

—¡Pídoche, por favor, mamá, que non me poñas máis as sabas azuis! Prefiro as noites brancas de soños infantís.

Colectivo 5º B.
CEIP Campolongo. Pontevedra.
Xaneiro. 2005.

~~[Signature]~~ 

~~Silvia~~ ++

~~Manuel~~

~~Paula~~ ++

~~Marta~~ //

Alberto E.R.

Raquel //

~~Anita~~

Miguel

Xavier

~~Manuel~~
~~David~~

~~Agust~~

Jose

Beatriz

Antonia

Eligio

Alejandro

~~No. 60~~

Guillermo

W. DAQUIPA